

MJTP/dbc

**RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL**

O deputado, en virtude das competencias delegadas da Presidencia en materia de persoal, dita a seguinte RESOLUCIÓN:

Visto o informe xurídico con proposta de Resolución da xefa do Servizo de Recursos Humanos e Formación que textualmente di:

**“ANTECEDENTES**

**PRIMEIRO.-** Con fundamento no artigo 35.2 b da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión do 15 de setembro de 2017, acordou aprobar a convocatoria de 101 bolsas de práctica laboral no sector empresarial da provincia de Pontevedra, que se rexerá conforme ás bases publicadas no BOPPO nº 179 do 18 de setembro de 2017 con corrección de erros publicadas no BOPPO nº 183 do 22 de setembro de 2017.

**SEGUNDO.-** Unha vez expirado o prazo de presentación de instancias a Deputación ditará unha resolución na que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, especificando, no seu caso, os motivos de exclusión. Este documento publicárase na páxina web [www.depo.es](http://www.depo.es)

**TERCEIRO.-** As persoas excluídas ou omitidas disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a súa exclusión. No suposto de se produciren reclamacións deberá ditarse unha nova resolución, estimándoa ou desestimándoa e aprobando a lista definitiva, que será publicada na web da institución. Dentro deste prazo poderán emendar os defectos formais da documentación acreditativa dos méritos alegados na presentación de instancias.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

1º.- A convocatoria e bases de 101 bolsas de práctica laboral no sector empresarial da provincia de Pontevedra vacantes 2016, para titulados universitarios e de grado superior de formación profesional, publicada no BOPPO nº 179 do 18 de setembro de 2017, con corrección de erros publicadas no BOPPO nº 183 do 22 de setembro de 2017.

2º.- A aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos compete o deputado de persoal en virtude das competencias delegadas da presidencia e que lle confire o artigo 61.12 do Real

Decreto 2568/86, de 28 de novembro, e artigo 105.1 g da Lei 5/97, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

## CONCLUSIÓN

En base os antecedentes e fundamentos xurídicos sinalados nos apartados anteriores,

### PROPONSE:

Aprobar a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos, que figura como anexo I desta resolución, ordenadas alfabeticamente, e con expresión das causas de exclusión.

As mesmas serán publicadas na páxina web da Deputación. Tanto os aspirantes excluídos como os omitidos por non figurar na relación de admitidos, disporán dun prazo de **cinco días hábiles**, contados a partir do seguinte ó da publicación desta Resolución na páxina web, para poder subsana-los defectos que motivaron a súa exclusión ou omisión.

As solicitudes de subsanación poderán presentarse no rexistro xeral da Deputación ou en calquera dos lugares determinados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 01 de outubro.

Concluído este prazo ditarase Resolución definitiva de admitidos e excluídos, composición dos tribunais de selección e datas en que terán lugar os exames, que será publicada na páxina web da Deputación"

Pontevedra a 17 de outubro de 2017

A Xefa do Servizo de Recursos Humanos e Formación

M<sup>a</sup> Jesús Torres Peón

Por todo o exposto, **RESOLVO** de conformidade coa precedente proposta.

O que lle comunico para o seu coñecemento, cumprimento e demais efectos.

Pontevedra a 17 de outubro de 2017



O SECRETARIO

Por delegación a Xefa do Servizo de Recursos Humanos e Formación.  
Segundo R.P. n.º 2016001033, de 25 de xaneiro de 2016.

PAX. WEB.